

Jose Ignacio Vila Vázquez, Profesor Doutor – Departamento de Xeografía, Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela

Beatriz Noya Mariño – Plataforma pola recuperación do Sar

Título: *A BACÍA DO SAR EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. UNHA EXPERIENCIA DE APRENDIZAXE-SERVIZO CARA A CUSTODIA DA PAISAXE*

Ámbito de acción: análise territorial, custodia da paisaxe, microtoponimia; divulgación de saberes

Selección temática:

1. Microtoponimia, usos de solo e paisaxe
2. Prácticas espaciais nos sendeiros das Brañas do Sar e evolución das diferentes barreiras e conexións cos diferentes barrios da cidade
3. Análise dos riscos e inseguridade no espazo verde das Brañas do Sar dende unha perspectiva de xénero.

Estado da acción: Rematada

Ámbito de ensinanza: Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio (2ªed).

2º curso | 1º semestre | Teoría, Métodos e Técnicas Instrumentais

[Tratamento da Información Xeográfica](#)

Participantes: Facultade de Xeografía e Historia da USC, Plataforma do Sar

O proxecto tiña un dobre obxectivo, sendo o primeiro dar resposta a unha parte das necesidades expresadas pola Plataforma de Recuperación do Sar en relación co patrimonio inmaterial e ambiental deste territorio. O segundo obxectivo era de natureza académica e buscaba o desenvolvemento por parte dos estudantes das competencias técnicas específicas requiridas na correspondente materia do Grao*, grazas ó traballo aplicado realizado en grupos.

Competencias técnicas a desenvolver: a observación, recollida, tratamento, representación e interpretación de datos xeográficos; as entrevistas semi-estruturadas e/ou enquisas por cuestionario

Facer constar tamén que esta actividade nace dunha vontade de colaborar no proxecto Arredor do Rural, ao compartir o diagnóstico inicial de que existe un desequilibrio territorial persistente e agudizado en Galicia. Por unha banda, atopamos os espazos urbanos, especialmente litorais e a proximidade do denominado corredor do Eixo Atlántico, que presentan un forte dinamismo demográfico e económico (Paül et al., 2020), mentres que os espazos rurais, especialmente os do interior de Galicia, sofren problemas de despoboamento, avellentamento e fragilidade produtiva e do sistema de servizos públicos esenciais (Piñeira Mantiñán & Santos Solla, 2011).

Conformaranse de oito a dez grupos de estudantes e cada grupo escollerá unha temática específica dentro das catro seguintes (Táboa 1), que procura contribuír a un mellor

Jose Ignacio Vila Vázquez, Profesor Doutor – Departamento de Xeografía, Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela

Beatriz Noya Mariño – Plataforma pola recuperación do Sar
coñecemento do patrimonio inmaterial e ambiental de Sar e que intentará responder aos requirimentos da Plataforma do Sar. Os traballos grupais desenvolveranse orientados a unha futura presentación para a Plataforma do Sar, sendo previamente avaliados e seleccionados por parte do docente.

<i>Táboa 1. Descricións das temáticas para o desenvolvemento dos traballos grupais</i>	
I. Microtoponimia, usos de solo e paisaxe (en varios sectores do val do Sar)	
	Este tema busca unha comprensión fonda dunha parte da microtoponimia recollida por proxectos investigadores precedentes, explorando as ferramentas dispoñíbeis para establecer a súa relación cos usos do solo pasados e presentes. Deste xeito, explorarase a esencia e a evolución da paisaxe en diversos sectores do val do Sar, facendo un especial fincapé na análise do coñecemento territorial “fino” por parte dos seus residentes de longa data.
II. Prácticas espaciais nos sendeiros das Brañas do Sar e evolución das diferentes barreiras e conexións cos diferentes barrios da cidade	
	Preténdese analizar os cambios nos patróns de uso deste espazo das Brañas en relación coas obras de acondicionamento e as infraestruturas realizadas no sector central do Sar no concello de Santiago. A idea é a de analizar os desprazamentos operados polos principais colectivos que o usan e a imaxe mental colectiva das/os usuarias/os, para capturar a evolución das barreiras e das posibles conexións entre barrios a través deste espazo verde de gran valor ambiental.
III. Análise dos riscos e inseguridade no espazo verde das Brañas do Sar dende unha perspectiva de xénero.	
	Identificación dos usos, a mobilidade e demais prácticas sociais desenvolvidas no espazo das Brañas do Sar, así como poñer en relación iso en relación cos intervencións do concello de Santiago que van na liña de favorecer das Brañas do Sar como corredor verde urbano. Ademais, a súa aplicación concreta trae consigo riscos seguindo os postulados do urbanismo de xénero. O obxectivo deste traballo sería capturar a percepción espacial dese sector central do Sar no concello de Santiago, para identificar espazos ou intervencións urbanísticas que resultan perigosas ou que precisan ser modificadas para incluír todo tipo de colectivos no uso dese espazo a diferentes horas do día e da noite.
IV. Estudo das percepcións e da representación do estado ambiental das Brañas do Sar	
	A avaliación ambiental dun territorio de gran interese natural e paisaxístico ten unha compoñente importante no conxunto de percepcións e a conseguinte representación por parte da poboación residente e dos usuarios dese territorio. Deste xeito, a análise da percepción das Brañas do Sar polos diferentes colectivos que usan ese espazo poden permitir explicar o grao de sensibilización ambiental e identificar os aspectos identificados como mellorábeis nese eido.

Despois dunha presentación inicial do proxecto, a realizar entre o docente e un representante da Plataforma, os grupos de estudantes escollerán temáticas e o docente presentará un procedemento xeral para o desenvolvemento do proxecto. As áreas de estudo consensuadas coa Plataforma do Sar aparecen representadas na figura 1 a continuación:




Figura 1. As dúas zonas de estudo convidadas para a realización de este proxecto investigador. Fonte: elaboración dos autores a partir de datos do castastro, IET Xunta e IDEE-IGN.

Este proxecto de investigación permitirá ao alumnado da materia de Tratamento de Información Xeográfica adquirir as competencias técnicas específicas mencionadas anteriormente, así como establecer un diálogo directo e un intercambio de informacións cos residentes e/ou usuarios de dous sectores da bacía do Sar. Ese contacto debera contribuir a

Jose Ignacio Vila Vázquez, Profesor Doutor – Departamento de Xeografía, Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela

Beatriz Noya Mariño – Plataforma pola recuperación do Sar

que tanto os estudantes como a poboación local coñeza mellor ditos espazos así como propiciar unha reflexión sobre as problemáticas presentes nos territorios considerados: nomeadamente, sobre o peso do ser humano na conformación da dinámica da paisaxe cultural na bacía do Sar e a necesidade de avaliar, ordenar e coidar este territorio.

Con isto, darase resposta a unha parte das necesidades expresadas pola Plataforma de Recuperación do Sar en relación co patrimonio inmaterial e ambiental desta parte da bacía do Sar no Concello de Compostela.